

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA E ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. PARA A VALORIZACIÓN DE
RESIDUOS DE ENVASES E OUTRAS ACTUACIÓNS**

REUNIDOS:

En Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2016.

Por unha banda, a Comunidade Autónoma de Galicia, representada no presente acto por _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en funcións, segundo o establecido no artigo 50.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e expresamente habilitada a estes efectos.

Denominada en diante a **Comunidade Autónoma**.

Por outra banda, Ecoembalajes España S.A., Sociedade Anónima sen ánimo de lucro, domiciliada en Madrid, Paseo da Castellana, nº 83-85, 11ª planta, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 12100 da sección 8ª do libro de sociedades, folio 17, folla nº M-190844 e con N.I.F. nº A/81601700, e representada no presente acto por _____, na súa calidade de Conselleiro Delegado.

Denominada en diante **Ecoembes**.

As partes, nas representacións que ostentan, recoñécense mutuamente capacidade legal para a celebración deste Acordo e para ese efecto.

MANIFESTAN:

1. Que a Sociedade Ecoembes, entidade sen ánimo de lucro, constituíuse como entidade xestora do Sistema Integrado de Xestión de envases e residuos de envases, autorizado no ámbito da Comunidade Autónoma, por resolución de 30 de setembro de 2016.
2. Que se asinou un Convenio marco entre a Comunidade Autónoma e ECOEMBES, con vixencia ata o fin da autorización concedida ao Sistema Integrado xestionado por Ecoembes.
3. Que con vistas a cumprir cos obxectivos de reciclaxe e/ou valorización establecidos na Lei 11/1997, de envases e residuos de envases, ambas as partes



consideran conveniente establecer acordos de colaboración para incentivar e fomentar a valorización dos residuos de envases adheridos ao Sistema Integrado xestionado por Ecoembes presentes na fracción resto, así como a posta en marcha doutras actuacións relacionadas coa mellora da recollida selectiva.

En consecuencia, e recoñecéndose as partes na representación que ostentan, capacidade suficiente para formalizar este Acordo, lévano a cabo con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente Acordo ten por obxecto regular os compromisos da Comunidade Autónoma e de Ecoembes, no desenvolvemento das seguintes actuacións:

1. Operacións de valorización enerxética de residuos de envases contidos na fracción resto incluídos no ámbito de aplicación do Sistema Integrado xestionado por Ecoembes, na instalación de tratamento de residuos urbanos sita en Cerceda. As ditas operacións son levadas a cabo por SOGAMA.
2. Alternativamente e por acordo das partes, outras actuacións de mellora relacionadas coa recollida selectiva. A estes efectos créase un “fondo de valorización” correspondente aos dereitos de crédito xerados pola actividade de valorización descrita no apartado anterior, que se poderá destinar na contía que acorden as partes, a actuacións de mellora da xestión dos envases incluídos no ámbito de aplicación do Sistema Integrado de xestión.

SEGUNDA: COMPROMISOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A Comunidade Autónoma, a través de SOGAMA nas operacións previstas no apartado primeiro da cláusula anterior, comprométese nos termos fixados no presente Acordo a:

1. Poner en marcha os dispositivos de control necesarios para o seguimento das actuacións previstas no presente Acordo e, en concreto, para asegurar a validez dos elementos que servirán para calcular a achega económica de Ecoembes. Tomar as medidas necesarias en caso de detectar desviacións ou incumprimentos no ámbito das citadas operacións e garantir que, no marco do presente Acordo,



Ecoembes poida realizar un control sobre as operacións desenvolvidas, por si mesma ou a través de empresas externas.

2. Facilitar a Ecoembes a información indicada no Anexo II, relativa ás actuacións obxecto do presente Acordo. Así mesmo intercambiar con Ecoembes, calquera información que sexa de interese para o correcto desenvolvemento deste.
3. Poñer da súa conta todos os medios, tanto técnicos como humanos, que sexan precisos para cumprir as obrigas asumidas no presente Acordo. En ningún caso existirá relación laboral nin de ningún tipo entre Ecoembes e as persoas que teñan que ver coas operacións que SOGAMA ou calquera outra entidade deba desenvolver para o cumprimento do presente Acordo.

TERCEIRA: COMPROMISOS DE ECOEMBES

Ecoembes comprométese, nos termos fixados no presente Acordo a:

1. Abonar a SOGAMA as achegas correspondentes ás operacións de valorización obxecto deste Acordo, unha vez deducidos do fondo de valorización os importes que as partes acordasen destinar a outras actuacións relacionadas coa mellora da recollida selectiva, todo iso conforme ao disposto no Anexo I.
2. Colaborar coa Comunidade Autónoma na mellora da eficiencia da recuperación de residuos de envases. Así mesmo, intercambiar coa Comunidade Autónoma calquera información que sexa de interese para o desenvolvemento do presente Acordo.
3. Poñer en marcha os dispositivos de control necesarios para o seguimento das actuacións previstas no presente Acordo e, en concreto, para asegurar a validez dos elementos que servirán para calcular a súa achega económica, segundo o previsto no Anexo I. O seguimento poderá ser tanto de verificación documental como de comprobación do desenvolvemento das distintas actividades, incluíndo o desenvolvemento dos procedementos de seguimento do Anexo III. Tomar as medidas necesarias en caso de detectar desviacións ou incumprimentos no ámbito das citadas operacións.
4. Elaborar un programa de caracterización do material de entrada que teña por obxecto determinar a cantidade de residuos de envases pertencentes ao SIG que contén este¹.

1

No Anexo III inclúese a metodoloxía do proceso de mostraxe.



CUARTA: FACTURACIÓN E PAGO

1. SOGAMA ou a entidade que leve a cabo as actuacións acordadas pola Comunidade Autónoma e Ecoembes, facturará a Ecoembes polos conceptos recolleitos no Anexo I, na forma e coa documentación xustificativa establecidos no Anexo II. Non se considerarán facturas completas aquelas que non inclúan a documentación sinalada en devandito Anexo.
2. Para os efectos de verificación das cantidades valorizadas, SOGAMA poñerá a disposición de Ecoembes a documentación indicada no Anexo II, así como calquera outro documento xustificativo relacionado co conxunto de operacións, sempre que medie a correspondente xustificación e notificación previa.
3. Nos supostos en que de forma alternativa ás operacións de valorización, as partes acordasen a realización doutras actuacións de mellora relacionadas coa recollida selectiva a Comunidade Autónoma poderá, mantendo a responsabilidade que sobre a xestión de residuos de envases atribúelles o artigo 9.1 da Lei de Envases e o resto de lexislación vixente, designar e comunicar a Ecoembes, segundo modelo de escrito recolleito no Anexo II, a entidade ou entidades que realizarán os servizos. A partir de devandito momento, a emisión das facturas, presentación da documentación xustificativa necesaria e aplicación dos procedementos de seguimento, realizarase directamente pola entidade ou entidades designadas. Calquera modificación nas designacións será comunicada a Ecoembes con antelación suficiente. A estes efectos, a Comunidade Autónoma comunicará a Ecoembes, no seu caso, o inicio do proceso de licitación para a selección da empresa de xestión, no prazo máximo de quince días desde a data de comezo do devandito proceso; posteriormente, comunicarán a Ecoembes o resultado do procedemento de contratación, no prazo máximo de 15 días desde a adxudicación.
4. O pago das facturas por parte de Ecoembes realizarase de acordo ao previsto no Anexo II.

QUINTA: ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo surtirá plenos efectos desde a súa firma e terá unha duración ata o fin da vixencia da Autorización concedida pola Comunidade Autónoma ao Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases do cal Ecoembes é entidade xestora.

O presente documento contén o total acordo entre as partes sobre o obxecto do mesmo e substitúe calquera acordo anterior, verbal ou escrito, ao que chegasen as partes.

SEXTA: RESOLUCIÓN ANTICIPADA E RESCISIÓN DO ACORDO

O presente Acordo resolverase:

1. Por caducidade ou revogación da Autorización do Sistema Integrado de Xestión por parte da Comunidade Autónoma.
2. Pola resolución do Convenio marco asinado entre a Comunidade Autónoma e Ecoembes.
3. Por mutuo acordo das partes.
4. Por incumprimento grave das obrigacións asumidas e derivadas do presente Acordo por algunha das partes.
5. Por calquera outra causa prevista no marco normativo vixente.

SÉTIMA: MODIFICACIÓN DO ACORDO

No caso de producirse algunha modificación das condicións da Autorización ao Sistema Integrado de Xestión e que tivesen efecto sobre as disposicións do presente Acordo, as partes deberán incorporalas a este por medio dun acta adicional.

Así mesmo, se unha disposición legal ou decisión xudicial, puidese dar lugar a unha modificación na execución do presente Acordo, as partes comprométense, a informar á outra parte de forma inmediata e a tomar todas as medidas necesarias para asegurar a continuidade da execución do Acordo nas condicións e nos prazos previstos na disposición legal ou na decisión xudicial correspondente. Ambas as partes comprométense a introducir unha cláusula similar nos seus convenios e/ou contratos con terceiros.

OITAVA: Comisión de Seguimento

As partes conveñen en expor todas as cuestións e problemas non resoltos ou non previstos especificamente no presente Acordo, así como todas as cuestións relativas á interpretación e execución deste, a unha Comisión de Seguimento composta de catro membros, dous elixidos pola Comunidade Autónoma e dúas por Ecoembes,

eventualmente asistidos polos seus conselleiros técnicos, contables ou xurídicos. A finalidade da Comisión será alcanzar solucións por unanimidade ás cuestións que poidan xurdir e, no seu caso, acordar posibles adaptacións e modificacións do presente Acordo.

Así mesmo, será competencia da Comisión de Seguimento a decisión sobre as actuacións para levar a cabo para a mellora da recollida selectiva con cargo ao fondo de valorización.

A Comisión de Seguimento quedará inmediatamente constituída tras a firma do presente Convenio, debendo comunicar cada unha das partes á outra os seus representantes no prazo de dúas semanas desde a firma. A presidencia da Comisión recaerá nun representante da Comunidade Autónoma e a secretaría nun representante de Ecoembes.

NOVENA: XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente Acordo posúe natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

* * * *

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes subscriben o presente Acordo por duplicado exemplar no lugar e data do encabezamento, quedando un exemplar en poder de cada un dos subscribintes.

Este documento foi efectivamente asinado polas partes con responsabilidade para elo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

galicia

LISTA DE ANEXOS

ANEXO I. Colaboración económica de Ecoembes.

ANEXO II. Facturación e documentación.

ANEXO III. Procedemento de mostraxe.